



opinión

Avaliación de competencias na universidade

Joaquín Gairín
Universitat Autònoma de Barcelona

joaquin.gairin@uab.cat

A avaliación de competencias é unha actividade complexa que se enfrenta a varios problemas. Por unha parte, á dificultade de avaliar actuacións profesionais en estudantes que non traballan; por outra, á de utilizar métodos que faciliten a análise da interrelación de coñecementos, habilidades e actitudes. Así mesmo, debe responder a problemas operativos relacionados coa súa aplicación diferenciada por carreiras, coa falta de concreción dos plans de estudos, ou coa necesaria coordinación do profesorado.

Palabras clave: avaliación de competencias, rúbrica, resultados de aprendizaxe, coavaliación.



A avaliación é unha actividade que implica a todas as persoas e que habitualmente practicamos, de maneira informal ou regulada. Cando mercamos, cando decidimos como pasamos unha tarde de verán, ou concretamos o programa de formación, utilizamos procesos avaliativos. Non se trata, polo tanto, de delimitar un concepto que xa empregamos, senón de remarcar algunhas das súas características que a miúdo esquecemos, desnaturalizando o seu sentido e utilidade. E farémolo neste caso referíndonos á universidade.



Moitos problemas prácticos que actualmente formula a avaliación, débense á falta dunha planificación apropiada

Enfrontámonos, logo, a unha actividade complexa, posto que tomamos en consideración a natureza propia das competencias e as connotacións inherentes a un proceso de avaliación auténtico. Así:

outros artigos

As competencias laborais

Unha breve clarificación do seu sentido e aplicación María Assumpta Aneas Álvarez
Universidade de Barcelona

Enfoque por competencias na ESO

Vantaxes e impedimentos Eduardo Xosé Fuentes
Abeledo Universidade de Santiago de Compostela

Avaliación de competencias na universidade

Joaquín Gairín Universitat Autònoma de Barcelona
joaquin.gairin@uab.cat

relacionados

artigo de Opinión, en Eduga 56

artigo de A Tres Bandas, en Eduga 56

artigo de Entrevista, en Eduga 56

artigo de Nomes Propios, en Eduga 56

artigo de Experiencia, en Eduga 56

artigo de Que é, en Eduga 56



a) É debedor da forma en como se organiza e se desenvolve o currículo


Se entendemos este como o xeito de planificar, desenvolver e avaliar actividades vinculadas a procesos formativos, comprenderemos a nítida relación entre o modelo curricular adoptado e as posibilidades reais de valorar competencias.

Se formamos para o exercicio dun traballo e organizamos o currículo con base nas situacións profesionais (concretadas en escenarios reais ou en actividades que afectan a varios ámbitos laborais), a avaliación das competencias será máis factible que se o construímos a partir de campos disciplinares. Neste último caso, adóitase centrar nos obxectivos didácticos do programa, ou en competencias específicas, debéndose completar con propostas interdisciplinares relacionadas coa profesión.

b) Integra varios saberes na resolución de actividades profesionais

Se o que caracteriza a competencia é a acción, isto é, a orientación ou a práctica profesional, ou a posibilidade de abordar situacións ligadas ao traballo, a súa avaliación só se pode facer dende a resolución dos problemas profesionais que se formulen.

Desenvolver unha intervención pide, a miúdo, a combinación de varios saberes (normalmente coñecementos, habilidades e actitudes) como expresión de principios e formas de actuar persoais. A competencia, non obstante, é algo máis que a mera suma deses coñecementos. Operar cataratas, por exemplo, esixe coñecementos relacionados coa anatomía do ollo, habilidades para cortar ou manexar o láser con precisión, e actitudes e emocións favorables ás situacións que se poden presentar (sangue, tensión dunha operación...). Pero un cirurxián competente non só ten que posuír eses saberes, senón que os debe saber combinar nunha ou en varias situacións reais de intervención profesional. Poderíamos chegar, mesmo a falar das demostracións que comportan a aplicación das competencias aprendidas en contextos específicos.



Gráfica 1: Xerarquía de resultados de aprendizaxe (NCES¹, 2002)

A gráfica 1 mostra o nivel superior onde se sitúa a competencia. E por iso, as prácticas profesionais, as de laboratorio ou o practicum resultan espazos formativos axeitados para verificar a integración de saberes mencionada.

c) Esixe unha adecuada planificación

Moitos problemas prácticos que actualmente formula a avaliación, débense á falta dunha planificación apropiada. Un modelo curricular axeitado require unha matriz que deixe claro que competencias quedan máis asociadas a unha determinada disciplina. Evitaríamos así que todas queiran avaliar todo. Podemos, por exemplo, falar do traballo en grupo como unha competencia profesional interesante que se debe tratar en todas as materias, pero non necesariamente precisamos avaliála en cada unha delas, quedando este labor para as que consideremos máis idóneas (dinámica de grupos, elaboración de proxectos profesionais...)

		MATERIAS								
		Directrices xerais/comúns					Directrices universidade			
COMPETENCIAS		A	B	C	D	E	F	G	H	---
	1		X				X			
	2	X		X				X		
	3		X					X		
	4	X			X		X			
	5		X				X			
	---			X					X	
achega %		10	8	15	---		4	6	10	---
		55%					45%			

Cadro 1: Distribución de competencias dunha titulación

d) Participa de diferentes aproximacións

De acordo coa gráfica 2, a avaliación dos docentes de aula céntrase, sobre todo, en analizar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe, e nalgúns casos, na verificación do desenvolvemento de competencias específicas ligadas á materia correspondente ou asignadas a ela. Sería máis propio da titulación, a avaliación das competencias do programa e da institución, verificar mediante estudos específicos de avaliación de impacto, ou a través dos observatorios de graduados, se o proceso formativo consegue os profesionais que demanda a realidade, e se os formados dan a resposta adecuada ás esixencias do ámbito.



Gráfica 2: A avaliación de competencias a diferentes niveis

Esta tarefa compartida na finalidade de conseguir a mellora, coordinada nos seus procedementos e contrastada nos seus resultados, salienta a idea da importancia do traballo colaborativo do profesorado, tanto na planificación como no desenvolvemento e a avaliación da formación.

e) Constata o alcanzado e a forma en como se alcanzou

A avaliación de competencias permite coñecer os resultados de aprendizaxe, pero tamén as maneiras de construír as respostas, os procedementos, as ideas previas, as capacidades, as destrezas, a creatividade, as disposicións e os valores e actitudes despregadas diante de cada situación avaliativa. Non obstante, non todo o que permiten desprezar as competencias pode nin debe ser avaliado.

Os estudantes conseguen respostas intencionadas e esperadas, e tamén resultados emerxentes nos procesos de formación e de avaliación de competencias. Coñecerlos é importante para analizar os aspectos positivos e problemáticos, e promover as melloras que sexan necesarias.

f) Considérase un medio antes que un fin

A coherencia desexable entre obxectivos, metodoloxía e avaliación presumiblemente, nos permita avanzar na asunción duns obxectivos e competencias de formación, a partir de accións e reflexións sobre o modo de responder ás esixencias da avaliación. De feito, son moitos os profesores que lles achegan exames e probas valorativas aos estudantes, para que poidan verificar os seus progresos e coñecer o grao de preparación que levan ante unha determinada proba.

A consideración da consecuente práctica avaliativa encáranos a problemas novos, cuxa resolución axuda a mellorar a nosa capacidade profesional e a nosa propia competencia como docentes. Grazas á práctica aprendemos a necesaria coherencia entre o que se ensina e o que se debería avaliar; a posibilidade e conveniencia de utilizar as actividades de aprendizaxe como referentes de avaliación; a importancia de incorporar os estudantes ao proceso (coavaliación) como estratexia e como mecanismo para implicalos na formación; a atención, tanto ao proceso coma ao resultado; e a considerar interesante e promotora a súa dimensión como autorregulación.

Non sempre ten sentido avaliar o que non se planificou, máis alá de que permite constatar a falta de direccionalidade para a acción; que se precisan variar as probas (prácticas dentro e fóra da aula, resolución de casos, proxectos autorizados, exames comprensivos, portfolio, rúbricas, etc.), se queremos evitar o efecto adestramento ou o dominio automatizado das respostas; ou que o modelo e instrumentos usados poidan tomar en consideración diversas circunstancias da aula (cantidade e variedade de alumnos) seleccionando as ferramentas máis idóneas para o caso.

Pero, sobre todo, podemos dicir que esta práctica é o *resultado dunha actitude* positiva cara á reflexión, á análise das propias actuacións e á flexibilidade cara aos cambios que esixe calquera mellora da realidade. Dende esta perspectiva, vén ligada a un proceso a través do que se aplica un espírito indagador que, por medio da reflexión constante, procura manter a calidade das nosas accións.

Esta actitude de permanente reflexión reflíctese xa no proceso de planificación. Delimitar as grandes liñas de intervención non pode eludir a avaliación do contexto, a delimitación de intereses, problemas e necesidades dos destinatarios, ou a valoración da viabilidade das actuacións que se propoñen.



A avaliación de competencias permite coñecer os resultados de aprendizaxe, pero tamén as maneiras de construír as respostas

Un desenvolvemento comprometido e así considerado *non pode evitar o conflito*. O carácter ideolóxico e subxectivo da avaliación, e a necesidade técnica de optar ante a complexidade do proceso, evidencian os mecanismos de poder e os valores dominantes existentes nun contexto determinado. O conflito aumenta, ademais, se consideramos que non hai unha cultura de avaliación e que sempre existe resistencia aos cambios que esta, se é boa, debe propugnar.

Por último, valorar competencias aparece así como unha nova oportunidade para dar visibilidade ás aprendizaxes atinxidas, ao incorporar información relevante sobre elas nas guías docentes; para diversificar os nosos sistemas de verificación de aprendizaxes, de acordo coa variedade metodolóxica que se promove; para fomentar o traballo colaborativo do profesorado e para impulsar sistemas máis próximos á análise global da realidade e da súa complexidade.



A auténtica avaliación acompáñase, pois, dunha opción clara por determinadas situacións, superando algúns *dilemas*, non necesariamente contrapostos nin incompatibles, que hai que considerar adoitado: sistematismos vs asistematismos, uniformidade vs diversidade, perfección vs utilidade, procesos técnicos vs actitude reflexiva; proceso puntual vs proceso permanente; o obxectivo vs o intersubxectivo; o imposto vs o participativo ou o mecánico vs o ético e valorativo.

Optar entre os dilemas formulados, ou outros, permite caracterizar a avaliación de competencias como un proceso reflexivo, sistemático e rigoroso de indagación sobre a realidade, que atende ao contexto, que considera global e cualitativamente as situacións, que atende tanto ao explícito como ao implícito e efectos secundarios, e que se rexe por principios de utilidade, participación e ética.

Unha boa avaliación ha estar, por conseguinte, contextualizada, ser comprensiva, eminentemente formativa, implicar os usuarios, ser defendible tecnicamente (variedade de fontes, de momentos e de instrumentos) e empregada eticamente. Tamén se poderían ter en conta outras cuestións, como que recoñeza os esforzos realizados tocante á mellora, que sexa respectuosa coas persoas, e coherente cos contidos e métodos de ensino.

Bibliografía

- Bolívar, A. (2007) *Diseñar y evaluar por competencias en la universidad. El EEE como reto*. Vigo, Universidade de Vigo.
- Cano, E. (2007) *Cómo mejorar las competencias de los docentes. Guía para la autoevaluación y el desarrollo de las competencias del profesorado*. Barcelona, Graó.
- Fernando Escanero, J. (Dir.) (2007) *Formular y evaluar competencias*. Zaragoza, Prensas

Universitarias de Zaragoza.

- Gairín, J. (Coord.) (2009a) *Guía para la evaluación de las competencias en las Ciencias Sociales*. Barcelona, Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Catalunya (AQU). Disponible con guías doutros ámbitos científicos en: http://www.aqu.cat/publicacions/guies_competencies/index_es.html
- Gairín, J. (Coord.) (2009b) *Nuevas funciones de la evaluación. La evaluación como autorregulación*. Madrid, MEC.

* National Center for Education Statistics

 [imprimir páxina](#)

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reiníciense as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)